



CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É a alcaldía quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO**:

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: mércores 7 de febreiro de 2024

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

Motivación: POS+2024 (Finaliza prazo o día 9 de febreiro de 2024).

coa seguinte **ORDE DO DÍA**:

A) PARTE RESOLUTIVA

1. **Aprobación ope legis das actas das sesións anteriores (no seu caso, de decisións sobre observacións formuladas respecto de erros materiais ou de feito (art. 91.1 do R.D. 2568/1986), que se detallan:**

- I. Borrador da sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro de 2023.
- II. Borrador da sesión extraordinaria celebrada o 23 de xaneiro de 2024.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, FORMACIÓN, EMPREGO, NOVAS TECNOLOXÍAS E REDES SOCIAIS

2. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á la APROBACIÓN POLÍTICA DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN NO CONCELLO DE CEE. EXPEDIENTE Nº: 2024/X999/000007.
3. PROPUESTA ALCALDÍA: Instrumento de adhesión a la Red DTI para miembros titulares e institucionales (ANEXO I.) EXPEDIENTE Nº 2023/X999/000282.



DA COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, SERVIZOS SOCIAIS, BENESTAR SOCIAL, SANIDADE E IGUALDADE

4. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á Aprobación Convenio para a asunción pola Administración Xeral da CCAA de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía Local e as prazas de Auxiliares de Policía Local (xa aprobado na sesión plenaria de data 25 de xuño de 2021) ou as prazas de vixilantes municipais
5. PROPOSTA ALCALDÍA para participar no POS+ Adicional 1/2024, aceptar expresamente as súas Bases reguladoras e solicitarlle á deputación a aplicación da achega provincial extraordinaria asignada para o financiamento de gastos sociais extraordinarios e comprometerse a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fagan das actividades ou investimentos financiados, así como, no seu caso, na súa páxina web e/ou redes sociais. Expediente Tedec Nº 2024/A008/000002.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL, OBRAS PÚBLICAS E DEPORTES

6. PROPOSTA DA ALCALDÍA relativa á participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2024" da Deputación Provincial da Coruña. Expediente Nº 2023/A008/000060.

DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA E FACENDA

7. PROPOSTA ALCALDÍA relativa á Aprobación Plan Estratéxico de Subvencións 2024. EXPEDIENTE Nº: 2024/X999/000027.
8. PROPOSTA ALCALDÍA relativa a aprobación do recoñecemento extraxudicial de crédito 1/2024 pola contía de e 68.553,47 € e levantamento de reparo. EXPEDIENTE Nº 2024/T002/000001.

B) PARTE DE NON RESOLUTIVA DE CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO.

9. Dar conta das Resolucións da alcaldía:

Da Nº 1174/2023 de 21 de decembro á Nº 1211/2023 de 29 de decembro.
Da Nº 1/2024 de 2 de xaneiro á Nº 79/2024 de 29 de xaneiro.

10. Dar conta dos envíos o Estado do 4 Trimestre 2023:

- Execución trimestral 4 Trimestre 2023.
- PMP 4 Trimestre 2023.
- Morosidade 4 Trimestre 2023.
- Dar conta do orzamento para o 2024.



11. Rogos e Preguntas.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano Colexiado, poñendo á súa disposición os antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.